

1º PRIMARIA

1º CIENCIAS NATURAIS:

Estamos a traballar o **medio natural** que nos rodea e **os animais**. se tes xardín sal a fóra e observa os animais que te rodean, senón observa desde a ventá e pensa: Cales son domésticos? Cales salvaxes? En que cres que se diferenzan? Completa a seguinte táboa con debuxos e escribe o nome de cada animal.

ANIMAIS DOMÉSTICOS	ANIMAIS SALVAXES

A continuación xoga a estes xogos online para practicar os contidos ([PRIMARIA](#))
Le a **páx. 64** do libro. Busca 4 alimentos na despensa/neveira que proveñan dos animais e realiza os exercicios da **páx. 64 e 65** do libro de CCNN.
Se rematas rápido fai con plastilina un animal doméstico e un salvaxe.

2º LENGUA:

Nesta sesión realizaremos unha comprensión lectora, para iso teredes que acudir a **páxina 108 e 109** do libro. Comezaremos realizando sobre dúas ou tres lecturas dá **páxina 108** para comprender o que estamos lendo, unha vez realizado isto faremos as tarefas da páxina 109. No exercicio tres, en lugar de comentalo coa clase, faremos ese comentario coa nosa familia!

3º-4º:MATEMÁTICAS:

BENVIDOS A MATES!!

Nesta primeira sesión vamos a necesitar axuda dun adulto porque...

vamos a construír os nosos propios bloques multibase!



Como sabedes, utilizamos os bloques multibase para entender e comprender os números dunha maneira máis lúdica e sinxela. Os pasos para construílos son os seguintes:

1. *Recorta os bloques das unidades (aqueles cadradiños que están separados) e os bloques das decenas (as tiras que aparecen na parte superior da fotografía)*

[Se contas con impresora podes imprimilos, senon cun papel en branco debuxa os cadrados intentando que todos sexan do mesmo tamaño]

2. *Pinta os bloques multibase.. as unidades son de cor..... AZUL! E as decenas de cor.... VERMELLA!*

MOI BEN! XA TEMOS OS NOSOS BLOQUES MULTIBASE.



Continuamos coas mates...

Para repasar os números do 39 ao 49 vamos a ver o seguinte vídeo: (pincha no link)

<https://www.youtube.com/watch?v=ebs2JdC8hgk>

RECORDÁBADES TÓDOLOS NÚMEROS?

Para rematar a clase, vamos a xogar con eses bloques multibase tan guais que construístedes.

- 1. Vamos pedirlle a un membro da nosa familia que nos diga un número do 1 ata o 49.*
- 2. Agora nosoutros teremos que poñelo en forma de bloque multibase.*
- 3. Un adulto corríxenos se é correcto.*
- 4. Volvemos a intentalo con outro número.*

5º: LINGUA:

Bos días, despois desta longa fin de semana, temos que retomar as clases, así que, para iso, deberedes escoitar o audio do luns 16 de marzo e realizar as tarefas das páxinas 28 e 29. Biquiños !!!!